

## A FeSP-UGT REIVINDICA MENOS HORAS LECTIVAS PARA OS DOCENTES

1 de febreiro de 2018

O aumento de horas lectivas co que se sobrecargou ó profesorado nos últimos anos, unido ao aumento das ratios, afecta tanto á calidade educativa como ao proceso de aprendizaxe do alumnado pero, ademais, implica a redución do número de docentes necesarios para garantir dita calidade.

A sobrecarga de horas lectivas dificulta que o profesorado poda adicar máis tempo a outro tipo de actividades que teñen unha gran repercusión no ensino, como son a atención ás familias, a participación en proxectos de innovación educativa, titorías, preparación de clases, correccións, cursos de formación, reunións ou, por exemplo, titorización de profesores noveles.

O Sector de Ensino de FeSP-UGT reclama a xornada laboral máxima de 35 horas e que dentro dese horario o profesorado poda dispoñer dunha maior dedicación a outras funcións que son tan imprescindibles como as lectivas, e que redundan en beneficio da calidade do ensino e da mellora cuantitativa e cualitativa do emprego.

Tanto en Educación Infantil e Primaria como en Secundaria, o horario laboral está establecido en 37,5 horas semanais en todas as comunidades autónomas. Con anterioridade aos recortes, un grupo de comunidades formado pola Rioxá, Navarra, Castela-A Mancha e Castela e León tiñan 35 horas semanais, en tanto que Murcia tiña 36,5 horas.

En Primaria, están xeneralizadas as 30 horas semanais de permanencia no centro. Hai tres excepcións: Murcia, con 31 horas, e A Rioxá e Castela-A Mancha, con 29. Na maioría das comunidades os mestres imparten 25 horas lectivas semanais, salvo en Euskadi, con 23 períodos lectivos, e Cataluña, con 24 horas.

O tempo dedicado en Infantil e Primaria a impartir clases, en detrimento doutras actividades, é máis elevado no noso país que nos da OCDE ou de EU22. En España, a porcentaxe de horas de ensinanza directa en Primaria en relación ao tempo total é dun 62%. Polo contrario, o tempo total medio dedicado á ensinanza nos países da OCDE ou da Unión Europea é dun 49%.

Por todo isto, FeSP-UGT segue reclamando a redución a 20 horas lectivas semanais para os docentes de Infantil e Primaria e un maior equilibrio no número de horas de atención directa ao alumnado, o que suporía dispoñer de máis horas de preparación, avaliación, coordinación ou formación. Ademais, axudaría a prever o desgaste que supón o excesivo número de horas de docencia directa, o que redundará tanto na calidade do ensino e da atención que recibe o alumnado, como na saúde laboral dos nosos docentes e na mellora cualitativa e cuantitativa do emprego.

En Secundaria, as horas de permanencia no centro son 30 horas semanais. Desta norma, escapan Canarias (29,5 horas); Castela-A Mancha (29), e A Rioxa (29), así como Murcia, cuxo profesorado debe permanecer no centro 31 horas semanais.

Nesta etapa, os períodos lectivos semanais oscilan entre os 18 e os 21. Na maioría das comunidades autónomas, o profesorado de Secundaria imparte como mínimo 20 horas lectivas. As excepcións son Andalucía, Baleares, Cantabria e Castela-A Mancha, que ten un mínimo de 18 horas lectivas. Os períodos lectivos máximos quedan establecidos en 21, salvo en Cataluña, cun máximo de 19, e A Rioxa, onde se pode chegar a un máximo de 22 períodos lectivos semanais.

Como en Infantil e Primaria, o tempo de traballo dedicado en Secundaria á impartición de clase resta tamén horas ao profesorado para outras actividades relacionadas coa docencia. Na Secundaria inferior española esa porcentaxe de horas de ensinanza directa con respecto ao tempo total é dun 50%, e en Secundaria superior, dun 49%. Ambas porcentaxes, e ó igual que sucede en Infantil e Primaria, están por riba das medias da OCDE e da UE22, situadas nun 41-43% en Secundaria inferior e nun 40% en Secundaria superior.

FeSP-UGT considera imprescindible reducir a carga lectiva do profesorado de Secundaria ata un máximo de 18 horas semanais, e que haxa un maior equilibrio entre o número de horas de atención directa ao alumnado e o de preparación doutras actividades.

## **Maiores de 55 anos**

En relación cola redución da xornada lectiva para o profesorado maior de 55 anos, dado que non ten carácter básico na LOMCE e su desenvolvemento depende de cada comunidade autónoma, existen diferenzas moi significativas entre elas. O acordo básico de 20 de outubro de 2005 entre o Ministerio de Educación e os sindicatos creou unha serie de expectativas que, lamentablemente, non chegaron a cumprirse. Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura e Galicia non desenvolveron ningunha normativa ao respecto, e, por exemplo, en Cantabria desapareceu a que había. Noutras, non se completou a aplicación paulatina desa redución ou ben se aplica unicamente a maiores de 59 anos.

UGT defende a redución voluntaria da xornada lectiva para os maiores de 55 anos, sen redución de haberes. Esta medida, que ademais de xerar postos de traballo posibilitaría o acceso de xoves ao mundo laboral, non debería estar supeditada ás necesidades do centro educativo, como sucede na actualidade. As Administracións educativas deben de dotar aos centros de persoal docente suficiente para que ningún poda quedar excluído de este dereito.

## **Función titorial**

Respecto á función titorial, en Infantil e Primaria non hai reducións horarias para a súa preparación, e a única diferenza entre comunidades autónomas radica en si está remunerada ou non e na cuantía. Andalucía, Baleares, Euskadi, Galicia, Melilla e Murcia son as únicas comunidades nas que si se remunera, se ben as diferenzas económicas van dos 26 euros de Andalucía ata os 58,18 euros de Euskadi.

En Secundaria existe un enorme número de variables na función titorial entre as distintas comunidades. Ademais de oscilar o número de horas de dedicación do profesorado, nunhas está remunerada e noutras non, e é tamén distinta a compensación económica que se percibe. En nove comunidades non se contempla ningunha remuneración, e nas que si se recoñece as cantidades van dos 26,05 euros de Andalucía aos 59,18 euros de Euskadi.

UGT, para a que é imprescindible que se reforce e se potencie a función titorial, recorda que no artigo 105 da LOMCE se sinala que as Administracións educativas deben favorecer o seu recoñecemento mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos. Dada a importancia desta labor, reclamamos ás distintas Administracións educativas que adopten as medidas necesarias para lograr ese recoñecemento.

Os incentivos deben ser tanto de carácter económico como profesional, e poden ir desde a disposición de horas lectivas para realizar adecuadamente esta función, a contemplar a titoría como mérito en todos os procesos administrativos, así como o recoñecemento económico en todas as comunidades, con complementos por acción titorial que retribúan o esforzo e a dedicación a esta tarefa.

Debido á complexidade dos centros e dos seus proxectos educativos, el profesorado ven desempeñando funcións e/ou labores docentes que non están contempladas en ningunha norma e que necesitan unha dedicación especial. UGT reclama o recoñecemento de ditas tarefas con compensacións tanto económicas como horarias para aquel profesorado implicado en las mesmas.

**Sindicato Nacional de Ensino Público**